**DECRETO NÚMERO 16005407 DO 07/07/2016**

Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

Instruído o expediente relativo a: **PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS NO RECINTO FEIRAL DE SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2016, 2017, 2018, 2019. (Expdte. Ref. 27-2016). APROBACIÓN DAS BASES E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN**

Examinado o expediente e vistos:

1º.- Informe-proposta do Servizo de Contratación, de data do 29 de xuño de 2016 , obrante no expediente, na parte expositiva da cal se fai consta-lo seguinte:

“**ANTECEDENTES**

I. Informe emitido polo enxeñeiro técnico industrial do Concello con data 28 de abril de 2016 sobre as condicións acústicas esixibles ás atraccións a colocar no recinto feiral.
II. Informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal con data 25 de maio de 2016 en relación coa instalación do feiral de San Froilán para o período 2016-2019.
III. Bases técnicas e administrativas para a autorización de instalación de atraccións no recinto feiral de San Froilán para o período 2016-2019 elaboradas pola sección de cultura do Concello.
IV. Informe emitido pola asesoría xurídica municipal con data 27 de maio de 2016 sobre as bases técnicas e administrativas para a autorización de instalación de atraccións no recinto feiral de San Froilán para o período 2016-2019 .

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.


MURALLA patrimonio da humanidade
Código Seguro de Verificación: b1po4/34PLULh21slC7lIQ==
Concello de Lugo
Asinado dixitalmente por MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ - 33834265T
Data: 2016.07.07 10:59:50 CEST
Razón: decreto 16005407

- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Calquera outra disposición que sexa de aplicación as Entidades Locais.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeiro**. O Concello de Lugo desexa outorgar as autorizacións ou licenzas de instalacións de atraccións no recinto feiral de San Froilán para o período 2016-2019 nos terreos de dominio público nos que tradicionalmente se veñen instalando.

Ó tratarse dun uso común especial pola intensidade deste que se realiza, e tal e como establece o RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), estará suxeito a licenza.

O artigo 77.2 do mesmo regulamento establece que estas licenzas se outorgarán directamente, salvo se por calquera circunstancia se limitase o uso das mesmas, en cuxo caso o serán por licitación e, se non fose posible, porque tódolos autorizados reuniran as mesmas condicións, mediante sorteo.

No suposto de referencia, o número de postos está limitado aos especificados nas bases técnicas e administrativas elaboradas conforme a esta normativa pola Sección de Cultura do Concello e que rexerán no procedemento de licitación.

**Segunda.** En canto ao órgano competente para a aprobación do procedemento de licitación para a concesión das autorizacións, o artigo 127 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a concesión de calquera tipo de licenzas, salvo que a lexislación sectorial a atribúa expresamente a outro órgano e sen prexuízo das delegacións que esta confira. Non obstante, este órgano adoptou o acordo número 20/415 en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2016, polo que se aprobou a delegación da competencia na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación así como de autorización para a utilización do dominio público, relativos ás festas do San Froilán 2016“



Código Seguro de Verificación: b1po4/34PLULh21slC7lIQ==

2º.- Informe do servicio de Intervención refl 257/2016 de data do 05/07/2016, correspondente á fiscalización das Bases

No uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprogado polo Real Decreto Lexistativo 3/2011 de 14 de novembro, e en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local número 20/415 en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2016, polo que se aprobou a delegación da competencia na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación así como de autorización para a utilización do dominio público, relativos ás festas do San Froilán 2016, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento de licitación para a autorización da instalación de atraccións no recinto feiral de San Froilán para o período 2016, 2017, 2018 e 2019, do seguinte teor literal:

**BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN NO CONCURSO PÚBLICO PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS NO RECINTO FEIRAL, PERÍODO 2016-2017-2018-2019. (Expdte. Ref. 27-2016).**

**PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto deste contrato é o outorgamento de autorizacións para a instalación dos postos de atraccións durante as Festas de San Froilán 2016, 2017, 2018 e 2019, que levarán aparellada a autorización para a instalación de caravanas no lugar habilitado para iso polo Concello.

**SEGUNDA.- MODALIDADE, CANON E SITUACIÓN**

1. As licenzas outorgaranse despois da licitación, que será convocada polo órgano competente do Concello conforme ao disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais mediante un procedemento aberto de licitación, segundo o establecido nos artigos 157 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

2. A Cantidade ofertada que as persoas titulares das autorizacións para a ocupación do terreo público están obrigadas a satisfacer constitúe unha contraprestación económica que ten a natureza de taxa, e por obxecto compensarlle ao Concello polo aproveitamento especial do dominio público por

parte das persoas beneficiarias das autorizacións, así como pola prestación dos servizos municipais inherentes a este tipo de utilización.

Os prezos de saída e dimensións, que se xuntan a estas bases, están elaborados de conformidade co parágrafo c) Festas de San Froilán, epígrafe e) artigo 4 da Ordenanza fiscal 152 “Taxas polo aproveitamento da vía pública”.

3. Evitarase no posible a repetición de atraccións coa finalidade de dar unha maior vistosidade á feira, procurando separar entre si as atraccións que sexan similares. Para iso o Concello resérvase o dereito a determinar cales son as atraccións ou postos compatibles cos usos de cada parcela, que virán determinados no Proxecto de Feira.

Entenderase como "**atracción**" ou "**posto de atracción**" toda actividade localizada no feiral que teña por finalidade o espectáculo, o lecer ou o recreo das persoas usuarias, a práctica de xogos de azar, a demostración de habilidade do público usuario ou a venda de artigos en xeral; e o cal poderá estar, ou non, nun local ou habitáculo desmontable.

Enténdese por "**carrusel**" todo aparello dotado de movemento e de accionamento mecánico que permita a visión a través del e que non use fachadas de ningún tipo.

Enténdese por "**espectáculo**" toda actuación onde o público sexa mero espectador, ou ben que forme unha fachada que non permita ver as posibles instalacións que se puidesen localizar dentro del.

Enténdese por **“circuíto”** aquela atracción que comprende un percorrido previamente fixado por el que poden circular karts, sebway ou similares.

Enténdese por "**atracción de azar**" aquela onde se sortean agasallos, onde o azar é o que determina quen leva premio. As distintas variedades de atracción de azar que se recoñecen, entre outras, son as seguintes:

a) "**Bingo**" é aquela atracción onde se sortean agasallos polo sistema de cubrir cartóns de acordo cunha sucesión aleatoria de números, marcados nas bólas que saen dun bombo ou dun dispositivo similar.
b) "**Rifa**" é aquela atracción onde se sortean agasallos polos sistemas de "tiras", "táboas pequenas" ou "roda de cartas".
c) "**Caseta de sobres**" é aquela atracción onde se sortean agasallos polo sistema de venda de sobres.
d) "**Tómbola**" é aquela atracción onde se sortean agasallos polos sistemas de "rifa, venda de sobres e sempre toca", por calquera deles ou pola súa acumulación.

Os sistemas de sorteo de agasallos son especialidades exclusivas dos postos de atracción que os definen, e ningunha outra poderá utilizalos.



Código Seguro de Verificación: b1po4/34PLULh21slC7lIQ==

Enténdese por "**infantil**" a atracción carrusel que é utilizada polo público infantil e que asemella os carruseis, norias, montañas ou pistas de coches dos maiores.

Enténdese por "**atracción de habilidade**" aquela onde se obteñen agasallos, onde a habilidade é o que determina quen leva premio.

Enténdese por "**churrería**" a atracción de "posto de venda" e servizo de churros e de produtos similares.

Enténdese por "**mesón establecemento de frituras**" o espazo cuberto onde se expenden produtos enxebres, frituras e todo tipo de comidas, excepto polbo**,** xa que para a degustación do polbo están os postos e casetas de polbo.

Enténdese por "**degustación**" a atracción de "posto de venda" e servizo de bocatería, alimentación, bebidas e similares.

Enténdese por "**mesa de venda**" o posto de venda de artigos de regalo, útiles e ferramentas, produtos artesanais, etc.

Enténdese por "**stand**" o posto de venda de artigos de regalo, útiles e ferramentas, produtos artesanais, etc. que estará ubicado nun espazo determinado acondicionado polo Concello.

4. O recinto feiral, os usos de cada parcela, as súas medidas e a súa distribución queda determinado no plano do Proxecto de Feira, que se achega como Anexo I a estas bases.

**TERCEIRA.- CONCEPTO, FINS E DEFINICIÓNS**

1. A intervención do Concello irá encamiñada, ademais da prestación dos servizos mínimos hixiénico-sanitarios e de enerxía eléctrica ás atraccións e ás vivendas dos feirantes, a asegurar o lecer e o recreo do público usuario, controlar a hixiene sanitaria dos produtos alimenticios, a impedir toda práctica restritiva do principio de libre competencia que menoscabe a liberdade de elección das persoas consumidoras e demais público usuario.

Tamén irá encamiñada a asegurar a tranquilidade e mais o sosego público, evitando no posible a produción de molestias á veciñanza e, finalmente, garantir con todos os medios ao seu alcance a seguridade integral do recinto feiral.

A seguridade dos postos e aparellos mecánicos que se utilicen será responsabilidade das persoas propietarias destes, as cales dispoñerán dos certificados técnicos que as avalen e terán subscrita unha póliza de seguro de responsabilidade civil na contía suficiente.



MURALLA patrimonio da humanidade
Código Seguro de Verificación: b1po4/34PLULh21slC7lIQ==

Para cumprir coas súas obrigas, o Concello dotará o recinto feiral dos aseos públicos necesarios para uso do persoal feirante, repartíndoos por el, e montará un servizo de ambulancia e contraincendios (en colaboración cos servizos da Cruz Vermella e de Protección Civil), nos días e mais nas horas de maior aglomeración de público no feiral.

2. A xestión e prestación destes servizos será efectuada polo Concello de Lugo, a través do Servizo Municipal de Cultura, o cal contará coa debida colaboración da Policía Local e a dos servizos municipais que se consideren necesarios, ademais da do Comisario/a do Feiral, o cal actuará como representante do Concello en todo o que se refira ao control das condicións e mais os requisitos que se establecen nestas bases.

3. O/A Comisario/a do Feiral, ademais de actuar como representante do Concello, asistido/a por un/unha auxiliar Técnico/a, controlará que as atraccións se adapten ás autorizacións outorgadas, que cumpran con todos os requisitos esixidos para a súa posta en funcionamento e con estas bases.

Tamén se encargará de canalizar para a súa resolución os problemas que se poidan presentar no recinto feiral, xa sexa por parte das persoas feirantes, da veciñanza da zona do feiral ou do público en xeral.

O/A Comisario/a do Feiral será nomeado/a polo servizo de persoal a proposta da/o Tenente de Alcalde Delegado/a da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, e será investido/a da autoridade suficiente para que poida cumprir o seu cometido.

O/A Comisario/a do Feiral comezará o seu traballo coa supervisión do Proxecto de Feira de San Froilán que será elaborado polo técnico competente; logo do seu informe e sometido o proxecto á aprobación do Concello, a súa labor posterior consistirá no seguimento e control do cumprimento do proxecto de feira aprobado.

4. A Policía Local, en coordinación co/coa Comisario/a do Feiral, terá ao seu cargo a vixilancia do cumprimento dos requisitos para a posta en funcionamento das atraccións, o control do cumprimento das bases de funcionamento do Feiral de San Froilán; o referente á problemática do tráfico, a seguridade no recinto feiral e mais a disuasión para que as persoas vendedoras ambulantes non autorizadas non se instalen no recinto feiral nin nas súas proximidades.

Prohíbese a venda ambulante en todo o recinto feiral. A Policía Local deberá proceder ao desaloxo das persoas vendedoras, confiscándolles os medios de exposición e transporte das mercadorías e comisando a totalidade dos artigos expostos para a súa venda, e daralle coñecemento destas actuacións ao/á Comisario/a do Feiral.

A Policía Local terá facultades para proceder á retirada das mercadorías das persoas vendedoras ambulantes clandestinas do recinto feiral e deixalas en depósito nas dependencias municipais.

5. De conformidade co seu acordo de creación, a Comisión Especial de Festas será o órgano municipal competente en materia de organización e celebración das actividades relativas ás festas, así como as relativas ao patrimonio municipal.

**CUARTA.- DURACIÓN DA OCUPACIÓN**

1. As autorizacións para a instalación dos postos de atraccións terán unha duración de catro anos, esto é, para as festas de San Froilán dos anos 2016, 2017, 2018 e 2019.
Tanto a data de montaxe e desmontaxe das atraccións como o tempo de funcionamento do feiral serán fixados polo Concello cada ano, tomando como base as datas de celebración das Festas de San Froilán.

2. Para o ano 2016 as atraccións poderán iniciar a montaxe o día 24 de setembro e comezar a actividade o día 30 de setembro e manterse en funcionamento ata o día 12 de outubro, podendo a Comisión de Festas ampliar estas datas. O Comisario do Feiral estará facultado para permitir a montaxe con anterioridade á data sinalada a aquelas atraccións que, previa solicitude, pola súa gran envergadura ou complexidade así o demanden. Para os anos 2017, 2018 e 2019 estas datas fixaranse oportunamente para cada anualidade por parte da Comisión de festas do Concello de Lugo.

3. O primeiro día das festas, cando se proceda á inauguración do feiral, deberán estar montadas as atraccións obxecto de adxudicación. A partir dese día, o Concello non garante o acceso á parcela adxudicada e no caso de que a persoa adxudicataria non puidera acceder a ela sen molestar as xa instaladas, perderá automaticamente os dereitos da ocupación dos terreos adxudicados, así como a devolución das cantidades satisfeitas na adxudicación e sen ningún tipo de indemnización.

4. Os accesos aos colexios e institucións permanecerán libres de obstáculos e garantidos en todo momento.

5. A persoa adxudicataria non poderá proceder á montaxe da atracción ata que o/a Comisario/a do Feiral lle sinale a localización e os límites da súa parcela.

6. Para proceder a desmontaxe das atracción os adxudicatarios contarán cun período máximo de catro días contados desde a data de finalización do funcionamento do feiral.



MURALLA patrimonio da humanidade
Código Seguro de Verificación: b1po4/34PLULh21slC7lIQ==

7. A montaxe das atraccións farase de acordo co proxecto de feira redactado polo técnico competente, cada unha no espazo habilitado para elo. A orde de colocación das atraccións que se instalen nunha tira de terreo farase de acordo coa puntuación obtida no concurso e seguindo en todo caso as indicacións do Comisario do Feiral.

**QUINTA.- ANUNCIO DE LICITACIÓN, PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS E PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS**

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.gal).

O prazo de presentación da documentación será de **TRINTA días hábiles** (Art. 96 L33/2003 Patrimonio) contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo (Rolda Muralla 197 27002 Lugo), en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo postal. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidira en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo postal, o interesado deberá achegar o xustificante da data de imposición do envío en Correos e comunicarlle ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día da remisión da oferta (fax. 982 29 72 59).

Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

**SEXTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE LICITACIÓN. REQUISITOS**

A autorización do uso especial do dominio público mediante ocupación temporal dos espazos sinalados realizarase mediante licitación pública a fin de garantir o principio de igualdade e concorrencia dos posibles interesados mediante **procedemento aberto** (art. 78.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais).

Están facultados para tomar parte no procedemento as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e estean dados de alta e ó corrente no pagamento no I.A.E no epígrafe correspondente ou se comprometan a darse de alta con anterioridade á celebracion da festa.



Código Seguro de Verificación: b1po4/34PLULh21slC7lIQ==

Así mesmo os licitadores deberán atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

**O Concello comprobará de oficio que se atopa ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo.**

**Asimesmo o Concello de Lugo poderá comprobar de oficio – previa autorización dos interesados – que se atopan ao corrente coas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social-**

Os autorizados deberán ter cuberta a responsabilidade que xere a súa actividade para o que deberán contar cos **seguro de responsabilidade civil** en vigor durante a Festa de San Froilán que a continuación se indican:

Para atracións mecánicas de adultos:

Copia da póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade civil patronal, que cubra os riscos que puidesen producirse para a actividade obxecto do contrato tanto para traballadores como para usuarios, por un valor mínimo de 2.000.000 euros por sinistro, sendo o sublímite por víctima de 250.000 €.

Para atracións infantís:

Copia da póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade civil patronal, que cubra os riscos que puidesen producirse para a actividade obxecto do contrato tanto para traballadores como para usuarios, por un valor mínimo de 1.000.000 euros por sinistro, sendo o sublímite por víctima de 250.000 €.

Para instalacións destinadas a venda de alimentos e bebidas:

Copia da póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade civil patronal e da responsabilidade civil productos-alimentos subministrados que cubra os riscos que puidesen producirse para a actividade obxecto do contrato tanto para traballadores como para usuarios, por un valor mínimo de 2.000.000 euros por sinistro, sendo o sublímite por víctima de 250.000 €.

Para casetas e resto de negocios con actividades non perigosas:

Copia da póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade civil patronal, que cubra os riscos que puidesen producirse para a actividade obxecto do contrato tanto para traballadores como para usuarios, por un valor mínimo de 600.000 euros por sinistro, sendo o sublímite por víctima de 200.000 €.



MURALLA patrimonio da humanidade Código Seguro de Verificación: b1po4/34PLULh21slC7lIQ==

A seguridade dos postos e atraccións será responsabilidade dos propietarios destes os cales disporán dos certificados técnicos que o avalen.

**SÉTIMA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLAS PERSOAS INTERESADAS EN PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN**

Os interesados en participar, no prazo indicado anteriormente, **presentarán unha instancia ou escrito** conforme ao modelo do ANEXO A "*PRESENTACIÓN DE PLICAS*" onde se indican os seus datos persoais e o procedemento ao que concorre **acompañada de DOUS SOBRES PECHADOS**, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento (LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN 2016, 2017, 2018 e 2019. (Expdte. Ref. 27-2016), así como o nome e o NIF do interesado.

Os ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e letra B, OFERTA ECONÓMICA.

**No caso de que algunha das instancias e dos sobres presentados non conteñan os datos indicados nesta cláusula que permitan identificar correctamente ao licitador, poderá ser rexeitada pola comisión de avaliación.**

1.- DENTRO DO **SOBRE A** "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA" (CON IDENTIFICACIÓN NO EXTERIOR DO TÍTULO "AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN 2016, 2017, 2018 e 2019. (Expdte. Ref. 27-2016)." E NOME E NIF DO LICITADOR) INCLUIRÁN:

1.- **DNI da persoa licitadora**, se se trata de empresario ou empresaria individual, ou escritura de constitución de tratarse dunha persoa xurídica, debidamente inscrita no correspondente rexistro.

2.- **Poder bastanteado**: quen compareza ou firme proposicións representando a outra persoa ou entidade presentará poder debidamente bastanteado pola Asesoría Xurídica Municipal ou funcionario/a do Servizo de Contratación do Excmo. Concello de Lugo, habilitado/a para o efecto. Para isto, presentarase orixinal e fotocopia nas oficinas de Contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ao remate do prazo de presentación da documentación, das 9:30 ás 14:00 horas, de luns a venres. Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil.

**3.- Certificado en vigor expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria de non ter débedas** con este organismo.
Este certificado deberá estar vixente no momento da celebración da Festa de San Froilán polo que terase en conta a data da súa expedición para comprobar a súa



Código Seguro de Verificación: b1po4/34PLULh21slC7lIQ==

vixencia (lémbrase que estes certificados teñen unha vixencia de seis meses dende a expedición). No caso de que a vixencia deste certificado caducase antes das datas de celebración das festas deberá presentarse un certificado novo con anterioridade ao 5 de setembro do ano correspondente.

4.- **Certificado en vigor expedido pola Seguridade Social de non ter débedas** con este organismo.
Este certificado deberá estar vixente no momento da celebración da Festa de San Froilán polo que terase en conta a data da súa expedición para comprobar a súa vixencia (lémbrase que estes certificados teñen unha vixencia de seis meses dende a expedición).
No caso de que a vixencia deste certificado caducase antes das datas de celebración das festas deberá presentarse un certificado novo con anterioridade ao 5 de setembro do ano correspondente.

A comprobación do cumprimento de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo realizarase de oficio polo Concello. Asimesmo e previa autorización dos interesados as certificacións positivas da AEAT e da Seguridade Social poderán recabarse de oficio polo Concello.

**5.- Copia da alta no epígrafe correspondente do I.A.E.** e, se é o caso, copia do **pagamento do último recibo** do dito imposto.

Dada a especial natureza da actividade admitirase a aqueles licitadores que no momento da solicitude non estiveran dados de alta por tratarse dunha actividade estacional en cuxo caso deberán achegar unha **declaración responsable comprometéndose a estar dado de alta nas datas da festa** (conforme o modelo que se sinala no apartado 7).

**6.-** No caso de licitar para postos nos que se pretenda instalar atraccións mecánicas, aparte da documentación sinalada nos apartados anteriores, deberán achegar:
- Certificado expedido pola Consellería de Industria da Xunta de Galicia ou Comunidade Autónoma á que corresponda ou o Ministerio de Industria, acreditativo de que os mecanismos que se van montar cumpren todas as especificacións legais requiridas e que o seu uso non ofrece perigo para as persoas usuarias.

**7.- Declaración xurada** debidamente cumprimentado e asinado polo licitador conforme o seguinte modelo:

**DECLARACIÓN XURADA**

Dna./D.______________________________________ co NIF nº_________________
en calidade de ______________________________________________________ da
empresa ___________________________________________ con enderezo social en



MURALLA patrimonio da humanidade
Código Seguro de Verificación: b1po4/34PLULh21slC7lIQ==

__________________________ e con CIF nº ___________en relación co PROCEDEMENTO PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN 2016-2017-2018-2019 **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE :**

1.- Aceptar total e incondicionalmente as obrigas e dereitos establecidos nas Bases reguladoras do procedemento de autorización sendo coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

2.- Comprométome a darme de alta no Imposto de Actividades Económicas nas datas da festa de San Froilán 2016, 2017, 2018 e 2019.

3.- Cumprir coas disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo.

4.- Comprométome a presentar a póliza do seguro de responsabilidade civil esixida nas Bases reguladoras do procedemento así como a xustificación do pagamento do recibo correspondente.

5.- Que está o corrente coas obrigas tributarias co coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, co Concello de Lugo e coa Seguridade social **autorizando a acceder ós meus datos de carácter persoal** relativos ó cumprimento das miñas obrigas tributarias tanto co Concello de Lugo como coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social para a súa comprobación de oficio.
Lugo, data e sinatura

Os adxudicatarios deberán presentar anualmente, antes do inicio da montaxe das atraccións, a documentación requirida.

2.- DENTRO DO **SOBRE B** "OFERTA ECONÓMICA" (CON IDENTIFICACIÓN NO EXTERIOR DO TÍTULO "AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN 2016, 2017, 2018 e 2019. (Expdte. Ref. 27-2016)." E NOME E NIF DO LICITADOR), INCLUIRÁN O MODELO DE SOLICITUDE SEGUINTE :

OFERTA ECONÓMICA

D./D.ª ________________, con enderezo en _________________ DNI _________, en plena posesión da súa capacidade xurídica de obrar, en nome propio (ou en representación de __________, con DNI ou CIF __________) fai constar:
a) Que solicita tomar parte na licitación convocada polo Excmo. Concello de Lugo para a AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN 2016-2017-2018-2019.



Código Seguro de Verificación: b1po4/34PLULh21slC7lIQ==

b) Que opta á adxudicación da licenza municipal para a/as parcela/s números ____________________ e ofrece os seguintes prezos:

Parcela núm. _____________ oferta ___________ €
Parcela núm. _____________ oferta ___________ €
Tipo de Atracción ________________________________________________
Potencia eléctrica que declara para cada aparello ou instalación solicitado ______________________________________________________________

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven destas bases e das bases técnicas, como licitador/a e como adxudicatario/a, se é o caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.
e) Indicar se necesita ou non parcela para caravana. ☐ SI ☐ NON
Medidas_______________ potencia solicitada _____________

Lugo, data e sinatura.

Xunto con esta solicitude achegarán DENTRO DO SOBRE B unha descrición con reportaxe fotográfica das atraccións para os efectos de valorar o criterio de adxudicación “innovación”.

Bosquexo acoutado da instalación onde se concreten as dimensións totais (longo, ancho e alto), dentro deste espazo para ocupar, estarán incluídos os despachos de billetes das atraccións (en todo caso o/a Comisario/a do Feiral será quen indique a súa localización exacta e poderá o Concello excepcionalmente autorizar unha ocupación maior dentro dos límites previstos, tras o pago do prezo estipulado polo Concello e o conforme do/a Comisario/a do Feiral).

No caso de aparatos, planos da instalación en seccións, en voo ou fotografías do referido aparato.

**A presentación de documentación en sobres abertos ou a presentación dentro do sobre A da oferta e datos que deban ir dentro do sobre B implicará automaticamente a exclusión do procedemento.**

A adxudicación do posto quedará **condicionada** se é o caso á presentación da copia da alta no IAE, da póliza e recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil esixida así como á acreditación de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O cumprimento destas obrigas deberá acreditarse **no prazo que se indique na resolución polo que se autoriza a ocupación da parcela e como máximo antes do día 5 de setembro do ano correspondente.**


Código Seguro de Verificación: b1po4/34PLULh21slC7lIQ==

**CARAVANAS**

As persoas industriais feirantes que estean interesadas nunha parcela para a súa vivenda, deberán facelo constar na solicitude para o efecto, e deberán indicar as medidas da caravana, incluída a terraza.
A cada caravana daráselle un número e instalarase no lugar fixado.
Cada persoa propietaria deberá instalar as correspondentes mangueiras de desaugadoiro así como as de auga potable.
Así mesmo, deberá solicitar da empresa subministradora a enerxía eléctrica.
Todas as conexións serán comprobadas polo/a Comisario/a do Feiral.
A persoa solicitante deberá depositar, en concepto de fianza, a cantidade de 300 euros, co fin de responder a posibles danos ou deterioracións que puidesen orixinarse.
Para a súa devolución será necesario o informe do/a Comisario/a do Feiral.

**OITAVA.- INDEMNIZACIÓN POR DANOS NO DOMINIO PÚBLICO. IMPOSICIÓN DE SANCIÓNS. GARANTÍA**

Cando o aproveitamento especial levase consigo a destrucción ou estrago do dominio público o beneficiario estará obrigado a reparar os desperfectos ocasionados a súa costa e ademais poderanse impoñer as sancións establecidas no Título XI da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases de réxime local.

Se os danos fosen irreparables o beneficiario indemnizará ó Concello de Lugo na contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do estrago causado e quedará imposibilitado para participar nos procedementos para autorización da instalación de postos nas vindeiras edicións da Festa de San Froilán nos cinco anos seguintes.

De conformidade co artigo 92 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas resulta esixible a constitución de **garantía definitiva que responda do uso do dominio público e da súa reposición ou reparación ou indemnización no caso de danos.** Esta garantía tamén responderá do cumprimento das obrigas derivadas destas Bases.

O **importe desta garantía é do 5% do importe anual ofertado cun mínimo de 100,00 € para tódalas atraccións agás as mesas de venda e stands de venda que o importe da garantía será de 100,00 euros** de acordo co artigo 92.6 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas e aboarase no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se notifique a resolución pola que se autoriza a ocupación.

De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, isto é:

a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

A garantía estará en vigor ata o remate o período de autorización demanial (2016-2019) co fin de responder dos posibles danos ou deterioracións que podan orixinarse.

Para a devolución da citada garantía definitiva será necesario o informe favorable do/a Comisario/a do Feiral, e esta será devolta ou ingresada en conta bancaria, unha vez rematado o período de adxudicación (2019), para o cal a persoa interesada deberá presentar, no seu caso, na oficina de Tesourería do Concello certificado bancario a nome da persoa adxudicataria indicando que o número de conta corresponde coa persoa adxudicataria. No suposto que a citada garantía teña que ser utilizada o adxudicatario/a verase obrigado a repoñela.

**NOVENA.- PERÍODO DE VIXENCIA DAS ADXUDICACIÓNS E PAGO DAS TAXAS**

1. As licenzas terán unha vixencia de catro festas de San Froilán (2016, 2017, 2018 e 2019).

2. A taxa de ocupación correspondente ás festas de San Froilán 2016 ingresarase nalgunha das seguintes contas bancarias (ABANCA ES59 2080 0101 563110000947; BBVA ES02 01 8262 1956 0200270328; CAIXABANK ES 08 2100 5850 070200014045), coa indicación do nome da persoa adxudicataria, DNI ou NIF e indicando expresamente "Adxudicación San Froilán e a atracción que representa", no prazo que a continuación se determina.

3. As taxas de ocupación correspondentes ás Festas de San Froilán 2016 ingresaranse da seguinte forma:

Deberá estar ingresado o total da taxa como data tope o 5 de setembro do 2016, podendo o adxudicatario fraccionar o pago da seguinte maneira: 50 por 100 do importe no mes de xullo e o 50 por 100 restante no mes de agosto.

As taxas correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019 serán as que procedan conforme as ordenanzas fiscais vixentes respecto das adxudicacións concedidas e ingresaranse con anterioridade ao 5 de setembro do ano correspondente, podendo o adxudicatario fraccionar o pago do seguinte xeito: 50 por 100 do importe no mes de xullo e o 50 por 100 restante no mes de agosto. No mes de maio de cada ano notificaráselle ao adxudicatario/a o importe da taxa correspondente requirindo ao mesmo tempo a documentación correspondente. Cando o importe das taxas relativas aos anos 2017, 2018 e 2019 sofran unha modificación por riba do 1 %, os adxudicatarios poderán renunciar a autorización concedida do dominio público sen que esta circunstancia implique a incautación da garantía.

De non aboarse as taxas no prazo establecido quedará extinguida e sen efecto a autorización sen prexuízo das consecuencias indemnizatorias que procedan e a parcela quedará a libre disposición do Concello que poderá adxudicala a outra persoa a través do procedemento regulamentario.

Cando por causas imputables ó beneficiario o dereito á utilización privativa do dominio público autorizado non se leve a cabo non procederá a devolución do importe da taxa ofertada.

## DÉCIMA: CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

1. Oferta económica (ata 80 puntos)
Obterá a máxima puntuación neste apartado (80 puntos), a persoa licitadora que oferte o prezo máis alto para cada parcela. Obterán 0 puntos aquelas persoas licitadoras que non melloren o prezo da licitación, e o resto das ofertas valoraranse de forma proporcional.

2. Innovación (ata 20 puntos)
Obterán os 20 puntos deste apartado aquelas persoas licitadoras que presenten unha atracción que sexa innovadora. Considerándose innovadoras aquelas atraccións que se instalen por primeira vez e sexan novas no feiral ou que presenten algunha modificación ou mellora que supoña unha mellor atención e servizo á persoa usuaria e ao conxunto do feiral (innovar: mudar ou alterar algo introducindo novidades).

## UNDÉCIMA: PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

O acto de apertura do sobre B celebrarase o primeiro día hábil contado a partir do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se o dito día



Código Seguro de Verificación: b1po4/34PLULh21slC7lIQ==

coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase o seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por medio distinto ao rexistro de entrada do Concello.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ao sinalado así como nos casos de celebración pola Comisión Avaliadora de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.
De conformidade cos criterios da Comisión de Festas e co ánimo de dotala dun perfil técnico, para o outorgamento da autorización para o uso especial do dominio público o órgano competente estará asistido por unha comisión avaliadora integrada polos seguintes membros:

- Un/unha traballador/a da Sección de Cultura,
- O Arquitecto Técnico Municipal
- Un/unha traballador/a do Servizo de Contratación
- o/a Comisario/a do feiral

